



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 336
13 de xullo de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

■ 30911 (10/PPL-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia [109946](#)

■ 31026 (10/PPL-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Proposición de lei pola que se regula a publicidade sanitaria e sociosanitaria de centros e actividades na comunidade autónoma de Galicia [109946](#)

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

■ Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia [109946](#)

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

■ Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia [109947](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

■ 32737 (10/MOC-000097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 31575, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018) [109952](#)

I 32740 (10/MOC-000098)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 29887, publicada no BOPG nº 299, do 03.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018) [109953](#)

I 32745 (10/MOC-000099)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 31237, publicada no BOPG nº 312, do 30.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018) [109953](#)

1.3.6. Proposicións non de lei**1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno****1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas****Aprobación con modificacións****I 32339 (10/PNP-002434)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para ese fin [109953](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións**I 26542 (10/PNP-001875)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o pazo de Meirás ao patrimonio público de xeito gratuíto [109954](#)

I 32222 (10/PNP-002423)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público [109954](#)

I 32887 (10/PNP-002484)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das conclusións inseridas no informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Univer-

sitaria para analizar as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres ou pazo de Meirás, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto [109955](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 30403 (10/PNP-002252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia [109955](#)

I 31955 (10/PNP-002399)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis

Sobre as medidas que debe inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia en Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto [109955](#)

I 32077 (10/PNP-002415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da comisión correspondente, dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual [109956](#)

I 32700 (10/PNP-002469)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda dunha axenda galega diante do Goberno central [109956](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 32902 (10/PNC-002690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co disposto na disposición adicional segunda da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero [109956](#)

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**Rexeitamento da iniciativa****I 29971 (10/PNC-002402)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a xestión que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cobertura de prazas durante as baixas e vacacións do persoal nos centros de atención primaria, así como con dotar o Centro de Saúde do Temple, no concello de Cambre, dun pediatra en rolda de tarde e dun fisioterapeuta

[109957](#)**I 30188 (10/PNC-002429)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa localización das actividades enmarcadas no programa Lidera e as que viñan desenvolvendo as casas da xuventude dependentes dela, así como a xestión e funcionamento da Casa da Xuventude de Ourense

[109958](#)**I 30783 (10/PNC-002478)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación existente no servizo de transporte sanitario terrestre

[109958](#)**I 32598 (10/PNC-002665)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa publicación das resolucións de concursos relativos a persoal da Consellería de Sanidade, e os datos referidos á reserva de prazas para as persoas con discapacidade

[109958](#)**I 32798 (10/PNC-002681)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a garantía polo Goberno galego do acceso á Tarxeta Benvida para todas as persoas inmigrantes residentes en Galicia en situación de irregularidade administrativa que cumpran os requisitos establecidos para ese fin na orde que regula esas axudas

[109958](#)**3. Administración do Parlamento de Galicia****3.2. Recursos humanos**

I Resolución do proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza da escala técnica superior de documentación do corpo superior do Parlamento de Galicia

[109959](#)

I Resolución do proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia

[109960](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

O Pleno do Parlamento, na sesión do 10 de xullo de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da toma en consideración

- 30911 (10/PPL-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

BOPG nº 304, do 15.05.2018

Sometida a votación, obtense o resultado de 34 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

- 31026 (10/PPL-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Proposición de lei pola que se regula a publicidade sanitaria e sociosanitaria de centros e actividades na comunidade autónoma de Galicia

BOPG nº 308, do 22.05.2018

Sometida a votación, obtense o resultado de 34 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 12 de xullo de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 339 (10/PPLI-000001)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia

BOPG nº 4, do 31.10.2016

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, en sesión do día 12 de xullo de 2018, á vista o informe emitido pola Ponencia e das emendas formuladas en relación coa Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia (10/PPLI-000001; doc. núm. 339), aprobou o seguinte

DITAME

Queda sen contido normativo a Proposición de Lei de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

Patricia Vilán Lorenzo

Secretaria da Comisión

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do día 10 de xullo de 2018, aprobou, pola unanimidade dos 75 deputados e deputadas presentes, a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia (10/PPLC-000007, doc. núm. 20737).

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a publicación do texto aprobado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

Exposición de motivos

A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e cinco das sete cidades galegas. Porén, a AP-9 continúa a depender do Goberno central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Coa finalidade de superar esta situación e xestionar desde Galicia unha das autoestradas máis importantes do punto de vista social e económico, cómpre actuar para acadarmos a titularidade e a transferencia de competencias sobre o réxime xurídico desta autoestrada, así como o traspaso efectivo das funcións e dos servizos sobre a dita infraestrutura. Así, o Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 as materias que son competencia exclusiva do Goberno galego e fixa no punto 8 a competencia sobre «Vías férreas e estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, o transporte efectuado por estes medios ou por medio de cables». Por outra banda, a Constitución, no artigo 148.1.5ª, fixa a posibilidade de traspaso en materia de estradas no «percorrido comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes medios ou por cable». Finalmente, o artigo 150.2 da Constitución española habilita o Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante unha lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que, pola súa propia natureza, sexan susceptibles de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.32, relativo ás competencias exclusivas, establece que pode ampliarse o abano competencial a través da transferencia por unha lei orgánica do Estado.

A proposición de lei orgánica consta de dous artigos, tres disposicións adicionais e unha disposición derradeira.

No artigo primeiro establécese a transferencia da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia e detállanse as funcións e os servizos que pasan a ser de titularidade autonómica.

No artigo segundo fíxanse as condicións do traspaso dos servizos, que deben contar cos medios materiais e orzamentarios necesarios, o cal se instrumentará mediante un acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Nas disposicións adicionais primeira e segunda regúlase a negociación do traspaso efectivo da AP-9 e a conseguinte baixa desta infraestrutura como integrante da Rede do Estado.

Finalmente, na disposición adicional terceira aclárase que este traspaso non modifica as funcións nin os servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Artigo 1. *Transferencia da autoestrada AP-9*

1. Transfírense á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade e as competencias sobre o réxime xurídico da concesión, así como as funcións e os servizos ata agora exercidos pola Administración xeral do Estado en relación coa AP-9, autoestrada do Atlántico.

2. En virtude do disposto nesta lei orgánica, unha vez realizado o traspaso dos servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galicia terá encomendadas as seguintes funcións:

a) A autorización da posta en servizo de novos tramos, as adaptacións ou reformas dos existentes, así como dos enlaces e das vías auxiliares da autoestrada.

b) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, consonte a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.

c) A potestade sancionadora respecto dos incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.

d) As modificacións que afecten o réxime económico-financeiro da concesión, en particular no que atinxe o establecemento, a actualización e a supresión das tarifas e peaxes, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios por instancia da concesionaria co fin de incentivar o seu uso como a aprobación normativa dos obrigatorios por instancia do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.

e) A redacción e aprobación de convenios ou addendas aos actuais para recoller novas condicións relativas ao réxime da concesión así como ampliacións ou reducións da actual.

3. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a Administración xeral do Estado conservará ao seu cargo respecto da sociedade concesionaria da autoestrada AP-9 as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación da concesión en vigor que fosen motivadas por modificacións adoptadas no período en que tivo a competencia.

Artigo 2. *Traspaso dos servizos*

O exercicio da competencia transferida debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galicia no momento en que teña efectividade a transferencia dos medios materiais e orzamentarios necesarios, que se instrumentará mediante un acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia e o correspondente real decreto de traspaso de servizos.

Disposición adicional primeira

O traspaso efectivo regulado no artigo 2 non supoñerá ningún incremento dos créditos nin diminución dos ingresos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado en vigor.

Disposición adicional segunda

Unha vez efectuado o traspaso efectivo, o Goberno do Estado, mediante un real decreto, procederá á exclusión e a dar de baixa a autoestrada AP-9 da Rede de estradas do Estado.

Disposición adicional terceira

O traspaso a que se refire esta lei orgánica non supón modificación ningunha do exercicio das funcións e dos servizos reservados ao Estado no que se refire ao control das fronteiras.

Disposición derradeira única

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Proposición de ley, para presentar ante el Congreso de los Diputados, orgánica de transferencia de la titularidad y competencias de la autopista AP-9 a la Comunidad Autónoma de Galicia

Exposición de motivos

La AP-9 es una autopista de titularidad estatal que abarca una parte muy importante del territorio gallego, pues es una vía vertebral que conecta toda la franja atlántica y cinco de las siete ciudades gallegas. Sin embargo, la AP-9 continúa dependiendo del Gobierno central, que mantiene unos peajes desorbitados, los cuales limitan el acceso a esta vía a las personas con menos recursos y lastran el desarrollo de sectores económicos gallegos.

A fin de superar esta situación y de gestionar desde Galicia una de las autopistas más importantes desde el punto de vista social y económico es preciso actuar para conseguir la titularidad y transferencia de competencias sobre el régimen jurídico de esta autopista, así como el traspaso efectivo de las funciones y servicios sobre dicha infraestructura. En este sentido, el Estatuto de autonomía de Galicia establece en su artículo 27 las materias que son competencia exclusiva del Gobierno gallego, fijando en el apartado 8 la competencia sobre «Ferrocarriles y carreteras no incorporadas a la red del Estado y cuyo itinerario se desarrolle íntegramente en el territorio de la Comunidad Autónoma y, en los mismos términos, el transporte efectuado por estos medios o por medio de cable». Por otra parte, la Constitución, en el artículo 148.1.5ª, fija la posibilidad de traspaso en materia de carreteras «cuyo itinerario se desarrolle íntegramente en el territorio de la Comunidad Autónoma y, en los mismos términos, el transporte llevado a cabo por estos medios o por cable». Finalmente, el artículo 150.2 de la Constitución española habilita al Estado para transferir o delegar a las comunidades autónomas, mediante ley orgánica, facultades correspondientes a materias de titularidad estatal que, por su propia naturaleza, fueran susceptibles de transferencia o delegación. El propio Estatuto de autonomía de Galicia, en el artículo 27.32, relativo a las competencias exclusivas, establece que puede ampliarse el abanico competencial a través de la transferencia por ley orgánica del Estado.

La proposición de ley orgánica consta de dos artículos, tres disposiciones adicionales y una disposición final.

En el artículo primero se establece la transferencia de la autopista AP-9 a la Comunidad Autónoma de Galicia y se desglosan las funciones y servicios que pasan a ser de titularidad autonómica.

En el artículo segundo se fijan las condiciones del traspaso de los servicios, que han de contar con los medios materiales y presupuestarios necesarios, instrumentándose mediante acuerdo de la Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia y el correspondiente real decreto de traspaso de servicios.

En las disposiciones adicionales primera y segunda se regula la negociación del traspaso efectivo de la AP-9 y la consiguiente baja de esta infraestructura como integrante de la Red del Estado.

Finalmente, en la disposición adicional tercera se aclara que este traspaso no modifica las funciones y servicios reservados al Estado en lo que se refiere al control de las fronteras.

Artículo 1. *Transferencia de la autopista AP-9*

1. Se transfieren a la Comunidad Autónoma de Galicia la titularidad y competencias sobre el régimen jurídico de la concesión, así como las funciones y servicios hasta ahora ejercidos por la Administración general del Estado en relación con la AP-9, autopista del Atlántico.

2. En virtud de lo dispuesto en la presente ley orgánica, una vez que se haya realizado el traspaso de los servicios correspondientes, la Comunidad Autónoma de Galicia tendrá encomendadas las siguientes funciones:

a) La autorización de la puesta en servicio de nuevos tramos, adaptaciones o reformas de los existentes, así como de enlaces y vías auxiliares de la autopista.

b) La supervisión e inspección del correcto funcionamiento de la autopista, conforme a la normativa general de carreteras y a los pliegos que rigen la concesión.

c) La potestad sancionadora respecto a incumplimientos de la concesionaria en la explotación de la autopista.

d) Las modificaciones que afecten al régimen económico-financiero de la concesión, singularmente en lo que atañe al establecimiento, actualización y supresión de las tarifas y peajes, así como la aplicación de programas de descuento, tanto la autorización de aquellos que sean voluntarios a instancia de la concesionaria a fin de incentivar su uso como la aprobación normativa de los obligatorios a instancia del órgano competente en materia de carreteras de la Comunidad Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos o humanitarios.

e) La redacción y aprobación de convenios, o adendas a los actuales, para contemplar nuevas condiciones relativas al régimen de la concesión así como ampliaciones o reducciones de la actual.

3. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, la Administración general del Estado conservará a su cargo, con respecto a la sociedad concesionaria de la autopista AP-9, las obligaciones con repercusiones económicas y financieras derivadas de la aplicación de la concesión en vigor que hayan sido motivadas por modificaciones adoptadas en el periodo en que ha tenido la competencia.

Artículo 2. *Traspaso de los servicios*

El ejercicio de la competencia transferida debe ser asumido por la Comunidad Autónoma de Galicia en el momento en que tenga efectividad la transferencia de los medios materiales y presupuestarios necesarios, que se instrumentará mediante acuerdo de la Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia y el correspondiente real decreto de traspaso de servicios.

Disposición adicional primera

El traspaso efectivo regulado en el artículo 2 no supondrá incremento alguno de los créditos ni aminoración de los ingresos previstos en la Ley de presupuestos generales del Estado en vigor.

Disposición adicional segunda

Una vez que se haya efectuado el traspaso efectivo, el Gobierno del Estado, mediante real decreto, procederá a la exclusión y a dar de baja la autopista AP-9 de la Rede de carreteras del Estado.

Disposición adicional tercera

El traspaso a que se refiere la presente ley orgánica non supone modificación alguna del ejercicio de las funciones y servicios reservados al Estado en lo que se refiere al control de las fronteras.

Disposición final única

La presente ley orgánica entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 10 de julio de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 10 de xullo de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 32737 (10/MOC-000097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 31575, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018)

BOPG nº 328, do 28.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 32740 (10/MOC-000098)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 29887, publicada no BOPG nº 299, do 03.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018)

BOPG nº 328, do 28.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 32745 (10/MOC-000099)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 31237, publicada no BOPG nº 312, do 30.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018)

BOPG nº 328, do 28.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 32339 (10/PNP-002434)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para ese fin

BOPG nº 323, do 20.06.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 20 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno do Estado para que ratifique a data comprometida de finalización das obras do AVE a Galicia, co obxectivo que estea funcionando en probas no ano 2019, tal e como tiña comprometido o anterior Executivo estatal.
2. Trasladar ao Goberno do Estado que a finalización da alta velocidade entre Madrid e Galicia no prazo comprometido é un obxectivo irrenunciable e prioritario para a nosa Comunidade.
3. Manter, como veu facendo ata o de agora, o seu labor de vixilancia sobre os investimentos estatais e o cronograma previsto para que o remate desta infraestrutura estratéxica para Galicia se produza no prazo comprometido, e para estes efectos crear entre o Estado e a Xunta, no marco da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, unha subcomisión coa participación dos responsables de infraestruturas de ambos os dous gobernos, que se ocupará da avaliación e impulso das infraestruturas de Galicia e da súa execución orzamentaria.
4. Co obxecto de facilitar este labor de seguimento, demandar do novo ministro de Fomento que manteña o compromiso do anterior ministro de efectuar visitas de periodicidade trimestral a Galicia con información dos avances das obras.
5. Dirixirse ao Goberno de España para que realice coa máxima dilixencia e sen atrasos inxustificables os trámites necesarios para o inicio das obras das licitacións pendentes ou en fase previa á adxudicacións.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 26542 (10/PNP-001875)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o pazo de Meirás ao patrimonio público de xeito gratuíto

BOPG nº 267, do 27.02.2018

- 32222 (10/PNP-002423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público

BOPG nº 323, do 20.06.2018

- 32887 (10/PNP-002484)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das conclusións inseridas no informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para analizar as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres ou pazo de Meirás, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto. BOPG nº 328, do 28.06.2018

Sométese a votación a transacción conxunta das proposicións non de lei e das emendas presentadas e resulta aprobada pola unanimidade dos 75 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia, recoñecendo o importante traballo realizado desde hai anos por historiadores e historiadoras, asociacións da memoria histórica, a Xunta pro devolución do Pazo de Meirás, e institucións coma a Deputación da Coruña e o Concello de Sada, entre outros, insta a Xunta de Galicia:

1. A que remita urxentemente o Informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en cumprimento da resolución do Parlamento de Galicia, sobre as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, con todos os seus anexos documentais, á Administración xeral do Estado coa petición de que se realicen as accións legais a que fai referencia o informe na súa conclusión final co obxecto de reintegrar as torres ou pazo de Meirás ao ámbito dos bens de dominio público da Administración xeral do Estado.
2. A incorporarse, en canto sexa exercitada esa acción legal, ao proceso civil como coadxuvante adhesiva.
3. O Parlamento de Galicia declara a súa vontade de que a recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público non implique un novo custo para o pobo de Galicia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 30403 (10/PNP-002252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
BOPG nº 301, do 08.05.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 31955 (10/PNP-002399)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis

Sobre as medidas que debe inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia en Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

BOPG nº 319, do 13.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 32077 (10/PNP-002415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da comisión correspondente, dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual

BOPG nº 323, do 20.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 32700 (10/PNP-002469)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda dunha axenda galega diante do Goberno central

BOPG nº 328, do 28.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 20 votos a favor, 55 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 12 de xullo de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 32902 (10/PNC-002690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co disposto na disposición adicional segunda da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
BOPG nº 331, do 04.07.2018

Sométese a votación por puntos a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia, doc. 33365, cos resultados seguintes:

Puntos 1, 2 e 4: rexeitados por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Puntos 3 e 5: aprobados pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, ao seguinte:

1. A dirixirse ao Goberno central para que por parte dos distintos departamentos ministeriais competentes na materia se reestruturen os protocolos para que a valoración do risco de novas agresións e do risco vital complementen as valoracións dos corpos e forzas de seguridade coas informacións das Unidades de Valoración Forense Integral, os centros de saúde, centros da muller ou servizos sociais, entre outros.

2. Establecer plans formativos para a especialización prioritaria dos profesionais das UVFI.»

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2018

Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 12 de xullo de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 29971 (10/PNC-002402)

Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva

Sobre a xestión que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cobertura de prazas durante as baixas e vacacións do persoal nos centros de atención primaria, así como con dotar o Centro de Saúde do Temple, no concello de Cambre, dun pediatra en rolda de tarde e dun fisioterapeuta
BOPG nº 299, do 03.05.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 30188 (10/PNC-002429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa localización das actividades enmarcadas no programa Lidera e as que viñan desenvolvendo as casas da xuventude dependentes dela, así como a xestión e funcionamento da Casa da Xuventude de Ourense

BOPG nº 301, do 08.05.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 30783 (10/PNC-002478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación existente no servizo de transporte sanitario terrestre

BOPG nº 305, do 16.05.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 32598 (10/PNC-002665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa publicación das resolucións de concursos relativos a persoal da Consellería de Sanidade, e os datos referidos á reserva de prazas para as persoas con discapacidade

BOPG nº 329, do 29.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 32798 (10/PNC-002681)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a garantía polo Goberno galego do acceso á Tarxeta Benvida para todas as persoas inmigrantes residentes en Galicia en situación de irregularidade administrativa que cumpran os requisitos establecidos para ese fin na orde que regula esas axudas

BOPG nº 331, do 04.07.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza da escala técnica superior de documentación do corpo superior do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 9 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Examínase a resolución do tribunal cualificador na que se indica que por acordo da Mesa do Parlamento do 28 de novembro de 2017 se anunciou a convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna, mediante concurso-oposición, en dúas prazas da escala técnica superior de documentación do corpo superior do Parlamento de Galicia e se aprobaron as bases reguladoras (*BOPG* núm. 223, do 5 de decembro de 2017 e *DOG* núm. 238, do 18 decembro de 2017).

O tribunal cualificador, na súa reunión do 7 de xuño de 2018, outorgou a cualificación final na fase de oposición da única aspirante que concorreu e, de conformidade coa base sexta apartado 1.2., acordou a súa publicación, que se realizou no Portal de transparencia, no taboleiro de anuncios do Parlamento e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 318, do 8 de xuño de 2018. Asemade, abriuse o prazo de 10 días hábiles para alegacións contado desde a dita publicación oficial. Non consta a formulación de alegación ningunha.

En reunión do 18 de xuño de 2018, o tribunal procedeu á valoración dos méritos da única aspirante que concorre e, de conformidade coa base 6.2, acordou a súa publicación, que se realizou no Portal de Transparencia, no taboleiro de anuncios do Parlamento e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 326, do 26 de xuño de 2018.

De conformidade coa base sexta, punto segundo, a aspirante dispuxo dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no *BOPG*, para formular reclamacións, dirixidas á presidencia do tribunal cualificador. En escrito dirixido a este tribunal pola interesada (Rexistro núm. 32958, do 29 de xuño de 2018) manifestou a súa renuncia a presentar ningunha alegación.

Por todo iso, o tribunal cualificador, na súa reunión do día 4 de xullo de 2018, á vista das puntuacións obtidas pola única aspirante e que se detallan no anexo que se achega á resolución do citado tribunal, acordou propoñerlle á Mesa do Parlamento a asignación dunha praza da escala técnica superior de documentación do corpo superior do Parlamento de Galicia á funcionaria dona María del Carmen Moreiras Plaza.

Visto o disposto no artigo 39 do EPPG e as bases 9 e 10 das bases reguladoras do proceso selectivo, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Resolver o procedemento selectivo para ingresar nunha praza da escala superior de documentación do corpo superior do Parlamento de Galicia, por promoción interna mediante o sistema de concurso-oposición, a favor da funcionaria dona María del Carmen Moreiras Plaza.

2º. Comunicarlle este acordo á señora Moreiras Praza para os efectos de que cumpra, de ser o caso, o previsto na base 9 antes de proceder ao seu nomeamento como funcionaria da citada escala.

3º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Resolución do proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 9 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Examínase a resolución do tribunal cualificador na que se indica que por acordo da Mesa do Parlamento do 28 de novembro de 2017 se anunciou a convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna, mediante concurso-oposición, nunha praza do corpo de xestión Parlamento de Galicia e se aprobaron as bases reguladoras (*BOPG* núm. 223, do 5 de decembro de 2017 e *DOG* núm. 238, do 18 decembro de 2017).

O tribunal cualificador, na súa reunión do 13 de xuño de 2018, outorgou a cualificación final na fase de oposición do único aspirante que concorre e, de conformidade coa base sexta apartado 1.2., acordou a súa publicación, que se realizou no Portal de transparencia, no taboleiro de anuncios do Parlamento e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 323, do 20 de xuño de 2018. Asemade, abriuse o prazo de 10 días hábiles para alegacións contado dende a dita publicación oficial.

En reunión do 22 de xuño de 2018, o tribunal procedeu á valoración dos méritos do único aspirante que concorre e, de conformidade coa base sexta apartado 2.3., acordou a súa publicación logo de que transcorrese o prazo de alegacións da fase de oposición.

O aspirante presentou o 29 de xuño de 2018 un escrito dirixido ao tribunal (doc. núm. 32951) no que renunciou a presentar alegacións á fase de oposición.

Seguidamente, publicáronse os resultados da fase de concurso no Portal de transparencia, no taboleiro de anuncios do Parlamento e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 330, do 2 de xullo de 2018. Asemade, abriuse un prazo de 10 días hábiles para alegacións, contados desde a dita publicación oficial.

En escrito dirixido ao tribunal polo interesado (doc. núm. 33060, do 3 de xullo de 2018), manifestou a súa renuncia a presentar alegacións á fase de concurso.

Por todo iso, o tribunal cualificador, na súa reunión do día 5 de xullo de 2018, á vista das puntuacións obtidas polo único aspirante e que se detallan no anexo da resolución do dito tribunal, acordou propoñerlle á Mesa do Parlamento a asignación dunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia ao funcionario D. José Ramón de la Fuente Rodríguez.

Visto o disposto no artigo 39 do EPPG e as bases 9 e 10 das bases reguladoras do proceso selectivo, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Resolver o procedemento selectivo para ingresar nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia, por promoción interna mediante o sistema de concurso-oposición, a favor do funcionario D. José Ramón de la Fuente Rodríguez.


2º. Comunicarlle este acordo ao señor de la Fuente para os efectos de que cumpra, de ser o caso, o previsto na base 9 antes de proceder ao seu nomeamento como funcionario do citado corpo.

3º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727